

MATRIA

[Álvaro Gago, 2017]

ESTREA EN NUMAX: 20.07.2018 | V.O. | +7

Matria (2017, 21')

Dirección: Álvaro Gago

Guión: Álvaro Gago

Elenco: Eulogia Chaves, Sara Dios, Pilar Fragua, Francisca Iglesias Bouzón, Marta Resille, Janet Romero, Verónica Teira

Son: Xabier Souto

Vestuario: Uxía Vaello

Fotografía: Lucía Pan

Música: Xabier Mera

Produtoras: Sombriza Films / Ringo Media

Distribuidora: Marvin & Wayne

Formato de proxección: DCP2K, 1.66:1

Idioma orixinal: Galego

FILMOGRAFÍA

Bombolles, 2015 [curtametraxe]

Curricán, 2014 [curtametraxe]

Doremi, 2012 [curtametraxe]

PREMIOS E FESTIVAIS

Sudance 2018 (Premio Especial do Xurado), IndieLisboa 2018 (Mellor curtametraxe), SEMINCI 2017 (Mellor curtametraxe española), Mestre Mateo 2018 (Mellor curtametraxe)

SINOPSE

Ramona é unha muller de mediana idade que vive co seu marido, con quen apenas se comunica, e traballa nunha fábrica de conservas gobernada por unha encargada tirana. Ante os desafíos que lle presenta a súa rutina diaria, Ramona trata de refuxiarse na relación que a une á súa filla e a súa neta.

«Cunha estética debedora do cine dos Dardenne e un realismo ambiental abraiante, *Matria* transmite de modo exemplar o estrés e a vertixe dunha vida dedicada enteiramente ao traballo e a familia»

Nacho Villalba, CINE MALDITO



“Facer cinema ten sempre connotacións políticas”

Entrevista con **Álvaro Gago**

Por **Hugo Amoedo**

Que xorde antes, o título ou a historia?

Primeiro veu a historia, que por entón quería titulala Ramona. Era o nome da miña bisavoa, unha persoa que ten bastante que ver con Francisca, a protagonista de *Matria*. Eu cría que ese título tiña forza, pero houbo algunhas persoas que me recomendaron escapar dos nomes propios. É certo que están bastante de moda. O título dálle agora unha nova dimensión e abre a historia a outras vías de diálogo. Facer cinema ten sempre connotacións políticas. Facer cinema é política, é humanidade, é esperanza. Sobre todo este cine pequeno, o que se fai co que está preto de nós.

Coñecías a esta muller previamente?

Francisca coidaba do meu avó. Ela traballaba coidando a persoas maiores, coas que ten unha relación moi especial. A pesar de todo o que tiña detrás na súa vida privada, sempre era quen de

aparecer e darlles moita vida a todas estas persoas. A idea do filme xorde do meu interese por esta persoa, da miña admiración cara ela e do meu desexo de facer algo algo con ela. Lembro un día en que eu cheguei a casa e topeina na cociña, de costas, chorando. Houbo momentos coma ese nos que comecei a pensar que aquí podería haber unha película.

Como lle propuxeches participar neste proxecto?

De boas a primeiras, díxenlle que me apetecía escribir algo sobre ela. Nós tiñamos xa moita confianza. Isto é importante. Se agardas que alguén se abra para ti, ti tes que facer o mesmo. Tes que dar para recibir. E se non tes esa confianza, tes que construíla. Optei, entón, por abrimme, a medida que lle pedía que me alimentase coas súas historias. Ela ten unha memoria portentosa e é capaz de lembrarse de todo. A maioría dos diálogos do filme pertencen a escenas reais, que sucederon realmente, e que Francisca aínda recorda con puntos e comas. Quedaba para falar con ela, para pasear, dar unha volta. Se lle apetecía, falabamos do tema. E se non, pois non. Sempre quixen facerlle saber que tiña a liberdade de formar parte do proxecto, e que se podía retirar se ben quería.

Como conseguístedes manexar o feito de traballar con persoas que non son actores profesionais e, ao mesmo tempo, contar cunha estrutura de rodaxe bastante máis grande, dunhas 25 persoas? A persoa non pode sentirse atada. Ten que sentirse libre de poder abandonar o proxecto cando o crea oportuno, ten que ter ese espazo. É un risco que corremos desde o primeiro momento. Iso pon a todos en igualdade de condicións, non hai ninguén que traballe para ninguén. Estamos en algo xuntos e aquí non pasa nada se isto non vai adiante. É case como un castelo de naipes: móntase un ao carro e empezan a montarse os demais. Recibir financiamento é fundamental. Creo que axudou ter feito *Curricán* (Álvaro Gago, 2013). Por Xacio Baño cheguei a Lucía Catoira e iso foi moi importante tamén. A partir de aí comezamos a compoñer o núcleo. O guión e os métodos tamén foron determinantes. Algúns se achegaron por proximidade, outros porque escoitaran falar da miña metodoloxía e estaban interesados en traballar con xente real, era unha nova experiencia para eles.

Publicado en <http://www.acuartaparedede.com>
Tradución: Xan Gómez Viñas



BRAGUINO

[Clément Cogitore, 2017]

ESTREA EN NUMAX: 20.07.2018 | V.O.S.E. +16

Braguino (2017, 49')

Dirección: Clément Cogitore

Guión: Clément Cogitore

Son: Julien Ngo Trong e Franck Rivolet

Fotografía: Sylvain Verdet

Música: Éric Bentz

Produtoras: Seppia Production

Distribuidora: Noucinemart

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Ruso

PREMIOS E FESTIVAIS

Donostia 2017 (Premio Zabaltegi)

«Fermosos xogos de son e espectacular fotografía. Unha experiencia visual fascinante»

Javier Ocaña, EL PAÍS

FILMOGRAFÍA

Las indias galantes, 2017 [curtametraxe]

The Wakhan Front, 2015

SINOPSE

No medio da taiga siberiana, a 700 quilómetros do pobo máis próximo, viven dúas familias enfrontadas: os Braguine e os Kiline. Ningunha estrada chega alí. O único modo é unha longa viaxe polo río Ienissei, primeiro en barco, despois en helicóptero. Autosuficientes, ambas familias viven segundo as súas propias normas e principios.